



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 24 DE ABRIL DE 2015**

### **LICENZAS**

#### **TOMAR COÑECEMENTO PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.-**

**LIC/2929/2004.- LORYGAR SL.-**

#### **DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-**

**LIC/1743/2014.- MERCEDES RICO MUNIN.-** Acceder á solicitude formulada de devolución de fianza depositada por importe de 1.000 euros para responder do custo da urbanización como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/1827/2009.

**LIC/1742/2014.- MERCEDES RICO MUNIN.-** Acceder á solicitude formulada de devolución de fianza depositada por importe de 1.000 euros para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/1827/2009.

**LIC/1254/2014.-CARLOS FIAÑO NIETO.-** Acceder á solicitude formulada de devolución de fianza depositada por importe de 1.500 euros para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/795/2009.

**LIC/1744/2014.- JOSÉ NIEVES ALDREY.-** Acceder á solicitude formulada de devolución de fianza depositada por importe de 1.500 euros para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/777/2011.

**LIC/1746/2014.- ROBERTO JESUS BARCALA FILLOY.-** Acceder á solicitude formulada de devolución de fianza depositada por importe de 1.500 euros para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/827/2010.

### **2.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a toma de coñecemento de proposta de resolución de acordo de revisión de oficio e execución de sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela de data 14-2-2014 e remisión do expediente ao Consello Consultivo de Galicia relativo á entidade LORYGAR S.L. (Expediente LIC/2929/2004 e LAP/346/2004)**

A Xunta de Goberno acordou tomar coñecemento da proposta de resolución do acordo de revisión de oficio, en execución de sentenza, das licenzas de obra e actividade concedidas en xullo de 2005, así como das obras de ampliación e rehabilitación concedidas en marzo de 2008 á empresa LORIGAR, S.L. para actividade hostaleira de catro estrelas na antiga fábrica de papel de Vidán e propoñer a desestimación da súa nulidade, tal e como se solicitaba mediante unha alegación, por entender que non concorre o suposto previsto na normativa de aplicación, de acordo cos informes obrantes no expediente.

Tamén, e con carácter previo á adopción do acordo de revisión, acordouse remitirle o expediente ao Consello Consultivo de Galicia para a obtención do previo informe favorable que se esixe para o inicio do procedemento da revisión de oficio.

A Xunta de Goberno tamén acordou comunicarlle aos interesados que o prazo establecido para a resolución deste expediente –tres meses- queda suspendido no momento de solicitar o ditame do Consello Consultivo.

Como se lembrará á Xunta de Goberno acordara no pasado mes de febreiro declarar a caducidade do procedemento de revisión de oficio, como consecuencia do transcurso do prazo establecido sen que fose ditada resolución ao respecto, acordando a apertura dun novo procedemento de revisión nos mesmos termos que o anterior, cun trámite de audiencia de dez días para os interesados no expediente.

### **3.- Propostas da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativas á solicitudes de devolución de fianzas. (LIC/1743/2014, LIC/1742/2014, LIC/1254/2014, LIC/1744/2014 e LIC/1746/2014).**

Accedeuse á solicitude de devolución de 5 fianzas formalizadas no seu día como garantía para a urbanización e reposición de servizos na construción de 4 vivendas unifamiliares en distintos lugares do concello, por un importe conxunto de 6.500 euros.

**4.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación do "Servizo de reparación de parques infantís para obter certificación do cumprimento da normativa".**

Acordouse a apertura do procedemento de adxudicación do servizo de reparación de parques infantís para obter certificación do cumprimento da normativa. O tipo de licitación establécese en 58.287 euros. A certificación do cumprimento da normativa é preciso renovala cada ano. O uso continuado e o natural deterioro polo paso do tempo fai que estas áreas precisen de actuacións periódicas para manter a súa adaptación á normativa. No pasado ano levouse a cabo a reparación de 61 das 76 áreas infantís existentes. Agora vaise a actuar sobre outras 23 áreas para corrixir as deficiencias detectadas no diagnóstico dunha empresa certificadora e lograr a pertinente certificación. As obras van dirixidas, entre outras melloras, á reparación de pavimentos, colocación de céspede artificial para nivelado do parque, valos metálicos ou de madeira, postes, substitución de diversos elementos de xogo ou labores de limpeza xeral. O prazo establecido para estes traballos é de 3 meses.

**5.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á adxudicación do "Servizo de confección dunha Auditoría Enerxética das edificacións ou instalacións municipais do Concello de Santiago".**

Acordouse adxudicarlle o contrato para o servizo de confección dunha auditoría enerxética das edificacións e instalacións municipais do Concello de Santiago ao Grupo Marwen Calsan, S.L., por un importe de 71.874 euros e un prazo de execución de 6 meses. A auditoría debe realizar distintos estudos de eficiencia e sinalar as propostas para unha maior racionalización do uso e do aproveitamento enerxético. O obxecto final é a optimización da contratación de enerxía eléctrica, do uso de combustible, dos elementos construtivos, equipos, instalacións de climatización e calefacción, iluminación e mantemento, así como o estudo de alternativas enerxéticas de subministro que repercutan nunha mellor xestión, maior eficiencia e, polo tanto, un aforro para a administración municipal. O estudo abrangue 137 edificios e instalacións municipais: 31 dependencias administrativas e outras asimilables, 29 instalacións deportivas, 47 centros socioculturais e locais sociais e 30 dependencias educativas.

**6.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a aprobación de proxecto de actuacións no sector 33 - Castiñeiriño XOP/92/2014.**

Aprobouse o proxecto de "actuacións no sector 33 – Castiñeiriño", encadrado dentro da área de reurbanizacións do Concello, dirixido a obras en ámbitos de dominio e uso públicos previamente urbanizados ou ámbitos libres en interiores de parcela, coa finalidade do mantemento, mellora ou reforma dos espazos, as súas instalacións ou equipamento. Este proxecto contempla 5 ámbitos de actuación (a pista do SUNP-12 Chaparra, a pista do SUNP 13, a pista de Outeiro-Combarro, a rúa da vía a pista Combarro e a rúa do Seixo), todos eles caracterizados polo mal estado dos seus pavimentos, que van ser arranxados e repostos coa mesma pavimentación anterior e co acondicionamento de foxos. O orzamento previsto é de 71.934 euros e sinálase un prazo de execución de 1,5 meses.

**7.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a aprobación do Protocolo para a creación e mantemento de colonias de gatos no término municipal de Santiago.**

Aprobouse o "Protocolo para a creación e mantemento de colonias de gatos no Concello de Santiago". A través deste documento, que non recolle ningunha carga económica adicional para o Concello, propóñense diversas medidas na procura de integrar de forma efectiva na convivencia cidadá a existencia de gatos que viven en estado de liberdade, co obxectivo de agrupalos en colonias para facilitar a súa alimentación e controlar a súa reprodución e salubridade. Trátase así de conciliar as diferentes sensibilidades existentes sobre a presenza desta fauna urbana, perfectamente adaptada ao seu contorno e medio.

Perséguese acadar unha relación harmónica entre os detractores destes animais en liberdade e as persoas que alimentan e coidan as colonias, así como protectoras de animais ou centros de acollida municipais, que velan polo seu coidado e sofren as consecuencias desta situación.

Os técnicos municipais da área de Medio Ambiente, en colaboración coa Fundación Refuxio de Bando, concluíron que a solución máis humana e efectiva é establecer un programa de control de colonias, baseado na captura, esterilización e solta (CES), poñendo en adopción cachorros ou adultos dóciles e devolvendo os gatos á súa zona de orixe, procedendo á súa distribución unicamente no caso de que haxa un número excesivo ou por seguridade dos animais (existencia de edificios con ameaza de derrubo ou soares en construción, por exemplo).

Para levar a cabo estas accións é necesaria a participación e coordinación de coidadores de colonias, concellos, asociacións protectoras de animais, centros de acollida municipais, veterinarios, veciños e sociedade en xeral. Pola súa parte, o Concello, en colaboración cos responsables da colonia:

.-Asignaralle un número e un nome tendo en conta a localización da colonia.

.-Identificará aos coidadores da colonia, permitindo que poidan alimentar aos gatos na forma que se acorde.

.-Publicará na páxina web municipal a relación de colonias felinas controladas, co seu número e, como mínimo, un responsable de cada unha.

.-Sinalizará cada colonia, coa indicación de colonia autorizada, o número de integrantes felinos, o número de persoas responsables da colonia, e informará de que é un delito atentarse contra os animais segundo a normativa galega. Tamén se fará constar un enderezo electrónico para comunicar calquera circunstancia en relación coa colonia e o agradecemento á veciñanza pola súa comprensión e colaboración.

.-Informarase tamén aos veciños da situación da colonia, das vantaxes para o control sanitario e de pragas e da desaparición das molestias ao estaren os animais esterilizados e coa alimentación controlada.

.-O Concello tamén elaborará unha información básica da colonia, así como unha ficha individual por cada animal con todas as súas características e circunstancias e daráselle instrución técnica aos responsables, coidadores e alimentadores das colonias sobre todos os aspectos relativos á súa actividade; sanidade, control da poboación e da alimentación ou métodos de hixiene.

Mediante este protocolo establécense, pois, uns requisitos mínimos para a constitución de colonias de gatos, de forma que as que adquiren esa condición poidan colaborar cos departamentos municipais con competencia nesta materia para erradicar esta problemática e fomentar así solucións de convivencia cívica a problemas comúns.

#### **8.- Propostas da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativas á aprobación de concesións directas de subvencións a diversas entidades.**

Aprobouse a concesión de 6 subvencións para outras tantas entidades culturais para colaborar na realización de diversas actividades. O importe total asignado é de 24.430 euros, que se distribúen do seguinte xeito:

.-Museo do Pobo Galego, 9.180 euros, para a realización de diversas actividades culturais; celebración do entroido, día da muller traballadora, día das letras galegas, proxecto sobre o procomún e os montes veciñais, actividades para bebés, xornada sobre o baile, actividades de verán, ciclo do outono e mostra de cinema etnográfico.

.-Confraría da Vera Cruz, 2.500 euros, para a realización da procesión da Última Cea do 2 de abril de 2015, actividade de interese antropolóxico e turístico, cunha vertente patrimonial ao exhibir a talla de titularidade municipal da Virxe da Vera Cruz.

.-Fundación Rosalía de Castro, 3.825 euros, para a celebración do aniversario da poetisa e do día da poesía.

.-Fundación Compostela Arquitectura, 1.500 euros, para a realización dun curso destinado a estudantes e arquitectos novos.

.-Curso Universitario Internacional "Música en Compostela", 3.825 euros, para a nova edición deste curso que comprenderá concertos, conferencias e varias aulas de distintos instrumentos e disciplinas musicais.

.-Padroado da Casa da Troia, 3.600 euros, para a realización dun festival de tunas titulado "II encontros troianos en Compostela-Festival do Centenario".

#### **9.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa a unha axuda social.**

Acordouse anular unha axuda social concedida para manutención entre os meses de abril e xuño, por importe de 324 euros mensuais, logo de comprobar que a persoa beneficiaria tiña recoñecida unha prestación da RISGA que resulta incompatible con esta axuda municipal.

#### **10 a 56.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre actividades económicas, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica,**

A Xunta de Goberno, conforme ao disposto nas ordenanzas reguladoras, resolveu 47 expedientes presentados para a obtención de beneficios fiscais e exencións: 36 relativos a incremento de valor dos terreos de natureza urbana; 6 de vehículos de tracción mecánica, 4 de bens inmobles; e 1 para o imposto de actividades económicas.

#### **57.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía relativa á aceptación da concesión de subvencións da Consellería de Traballo e Benestar, para a contratación temporal de desempregados en risco, correspondentes ao exercizo 2015.**

Acordouse aceptar a subvención da Consellería de Traballo e Benestar para a contratación de 20 persoas en resposta á solicitude municipal ao abeiro da orde autonómica que regula a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA para o ano 2015. O obxecto desta axuda é o fomento do emprego, no ámbito de colaboración coas entidades locais, contratando a perceptores da RISGA cunha antigüidade mínima de 6 meses, na procura de que obteñan a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción social. Neste contexto, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar concedeulle ao Concello unha subvención por importe de 201.018 euros para a contratación de 20 persoas: 4 técnicos de programas, 9 administrativos, 5 conserxes e 2 peóns.

Os contratos son por un período de 7 meses e unicamente suporán ao Concello un custo estimado de 5.070 euros, correspondentes á indemnización por fin do contrato, logo de que a Consellería de Traballo asuma o pagamento das correspondentes retribucións. Segundo as condicións establecidas pola Xunta de Galicia, os contratos deberán iniciarse no transcurso dun mes desde a notificación da resolución, rexistrada o 9 de abril, polo que terán que conformarse antes do 8 de maio e a súa extinción producirase no mes de decembro.

**58.- Proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública (área Contratación) relativa á prórroga do expediente de "Concertación dun convenio de asociación do Concello de Santiago de Compostela cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.**

Acordouse a prórroga por un ano dun convenio que o Concello vén mantendo coa mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, FREMAP, para a cobertura e xestión das prestacións por continxencias profesionais de accidentes, enfermidades e incapacidade temporal (AT/EP/ITCC) do persoal municipal. Tanto a prórroga acordada hoxe como o convenio subscrito no seu día carecen de custos ou importe económicos propios, de conformidade coa natureza pública das funcións e dos recursos económicos que xestionan este tipo de entidades.

**59.- Propostas dos concelleiros delegados da área de Réxime Interior e Administración Pública e da área de Economía relativas á devolución de fianzas.**

Accedeuse á devolución de dúas fianzas: unha á empresa Eiriña. S.L., por importe de 27.763, para responder pola obrigas do contrato rematado de "obras de escavación arqueolóxica e restauración da fortaleza da Rocha Forte; e outra á empresa Invernalia Ice Park, S.L., por importe de 2.000 euros, logo de rematar a autorización de ocupación de vía pública para a instalación dunha pista de patinaxe sobre xeo, no Paseo Central da Alameda no pasado Nadal.

**60.- Proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública relativa ao traslado e depósito de fondos do arquivo municipal á Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela.**

Acordouse o traslado e depósito de diversa documentación municipal ao Arquivo Histórico e á Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago, conforme á posibilidade que ofrece o convenio asinado no seu día coa Universidade para o envío e depósito de fondos documentais ás dependencias universitarias. Esta decisión vén motivada polo gran volume da documentación acumulada durante anos nas dependencias municipais do Pazo de Raxoi, que contribúe á falta de espazo crónica nestas instalacións, e tamén para aliviar o peso que actualmente soporta a última planta do edificio onde se atopa o Arquivo Municipal.